



EDUCACIÓN DIXITAL 3º ESO

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, con esta materia gañarás capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece ao redor dela.

Nesta materia trabállase a edición de imaxes (fotos ou debuxos), a edición de textos, programación, hardware e software, seguridade na rede etc... todo abarcado nos seguintes contidos:

Bloques de contidos

- Bloque de «Dispositivos dixitais e sistemas operativos»
- Bloque de «Creación e edición de información e contidos dixitais»
- Bloque «Pensamento computacional»
- Bloque «Ética e seguridade dixital»